

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

7775 *Real decreto 637/2015, do 10 de xullo, polo que se aplica en España o Regulamento de execución (UE) n.º 2015/517, da Comisión, do 26 de marzo de 2015, que modifica o Regulamento (CE) n.º 595/2004, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 1788/2003, do Consello, polo que se establece unha taxa no sector do leite e dos produtos lácteos.*

Mediante o Regulamento de execución (UE) n.º 2015/517 da Comisión, do 26 de marzo de 2015, que modifica o Regulamento (CE) n.º 595/2004, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 1788/2003, do Consello, polo que se establece unha taxa no sector do leite e dos produtos lácteos, cuxas disposicións foron incorporadas ao Regulamento (CE) 1234/2007 do Consello, do 22 de outubro de 2007, establécese a posibilidade, para os Estados membros e co fin de reducir a carga financeira para os produtores que deben pagar unha taxa por excedentes en relación co período de taxa láctea 2014/2015, de decidir percibir o importe debido segundo un réxime de pagamento gradual.

A situación crítica que atravesamos o sector lácteo fai imprescindible facer uso da citada posibilidade, que permitirá aos produtores con dificultades financeiras facer fronte de forma gradual ao pagamento da taxa sen xuros.

O beneficio financeiro desta graduación constitúe, segundo dispón o Regulamento de execución (UE) n.º 2015/517 da Comisión, do 26 de marzo de 2015, unha axuda *de minimis* no sector agrario que se concede de acordo co Regulamento (UE) n.º 1408/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* no sector agrícola, que resulta de aplicar á cantidade que se gradúa nos exercicios 2016 e 2017 o tipo de base en vigor en 1 de outubro de 2015 máis un punto porcentual, de acordo coa comunicación da Comisión relativa ao método de fixación dos tipos de referencia e actualización (2008/C 14/02).

Na elaboración deste real decreto consultáronse as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados. Así mesmo, emitiu informe o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 10 de xullo de 2015,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto aplicar en España o Regulamento de execución (UE) n.º 2015/517 da Comisión, do 26 de marzo de 2015, que modifica o Regulamento (CE) n.º 595/2004, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 1788/2003, do Consello, polo que se establece unha taxa no sector do leite e dos produtos lácteos.

Artigo 2. *Pagamento gradual.*

O pagamento do importe en concepto de taxa láctea, por parte dos compradores e gandeiros de venda directa que superasen a súa cota no período de taxa láctea 2014/2015, efectuarase da seguinte maneira:

- a) O primeiro pagamento, por importe de ao menos un terzo do total, vencerá como máis tarde o 30 de setembro de 2015.
- b) O segundo pagamento, por importe de ao menos un terzo do total, vencerá como máis tarde o 30 de setembro de 2016.
- c) O terceiro e último pagamento, por importe da cantidade restante, vencerá como máis tarde o 30 de setembro de 2017.

Artigo 3. *Requisitos e obrigacións.*

1. Entenderase que se acolle ao pagamento gradual todo comprador ou gandeiro de venda directa que non manifestase a súa intención en contra ao Fondo Español de Garantía Agraria do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, antes do 1 de setembro de 2015, ou que non aboe dunha soa vez, antes do 30 de setembro de 2015, a cantidade total en concepto de taxa no sector do leite e dos produtos lácteos.

2. No caso de pagamento gradual, os compradores deberán repercutir aos produtores as cantidades ingresadas en idénticas porcentaxes a aquelas en que realizasen os ingresos de acordo co artigo 2, salvo acordo expreso entre as partes.

3. No suposto de que o gandeiro, de conformidade co previsto no artigo 4, número 3, renuncie á aplicación do pagamento gradual, deberá aboar a totalidade do importe pendente ao comprador para o seu ingreso no Fondo Español de Garantía Agraria antes das datas previstas no artigo 2.

Artigo 4. *Axuda de minimis.*

1. O beneficio financeiro será considerado como axuda de Estado para os efectos previstos no Regulamento (UE) n.º 1408/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* no sector agrícola, polo importe correspondente a aplicar á cantidade pendente de pagamento o 1 de outubro de 2015 o tipo de base en vigor en 1 de outubro de 2015 máis un punto porcentual, de acordo coa comunicación da Comisión relativa ao método de fixación dos tipos de referencia e actualización (2008/C 14/02).

2. En caso de que un gandeiro recibise por calquera concepto axudas *de minimis* de acordo co Regulamento (UE) n.º 1408/2013 da Comisión, cuxo importe alcance 15.000 euros en calquera período dentro de tres exercicios fiscais consecutivos, non se poderá acoller ao pagamento gradual.

Para estes efectos, os compradores deberán solicitar dos produtores unha declaración responsable respecto de se se encontran ou non na dita situación para efectos de poder ou non acollerse ao pagamento gradual e, en caso de se poder acoller a el, da cantidade correspondente que se aboará en cada exercicio.

3. Non obstante o previsto neste artigo, e no número 1 do artigo 3, os produtores poderán renunciar en calquera momento a esta posibilidade de pagamento gradual e comunicaranllo ao Fondo Español de Garantía Agraria do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, antes de, respectivamente, o 15 de setembro de 2015, o 15 de setembro de 2016 ou o 15 de setembro de 2017. Nese caso, o Fondo Español de Garantía Agraria do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente procederá a exixir ao comprador o pagamento do importe que reste de aboar na parte alícuota correspondente aos ditos produtores, que estes deberán realizar, como máis tarde, o 30 de setembro do ano en que se proceda á renuncia.

Así mesmo, os gandeiros de venda directa poderán renunciar en calquera momento a esta posibilidade de pagamento gradual e comunicaranllo ao Fondo Español de Garantía Agraria do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, antes de,

respectivamente, o 15 de setembro de 2015, o 15 de setembro de 2016 ou o 15 de setembro de 2017. Nese caso, os ditos gandeiros de venda directa deberán aboar a cantidade que reste, como máis tarde, o 30 de setembro do ano en que se proceda á renuncia.

Artigo 5. Incumprimentos.

En caso de incumprimento do previsto neste real decreto, e sen prexuízo do réxime sancionador aplicable, perderase o dereito ao pagamento gradual da taxa e deberase proceder ao pagamento inmediato das cantidades pendentes máis os xuros de demora correspondentes.

Disposición adicional primeira. Contención do gasto.

As medidas incluídas nesta norma non poderán supor incremento de dotacións nin de retribucións nin doutros gastos de persoal.

Disposición adicional segunda. Normativa aplicable.

En todo o non previsto expresamente neste real decreto, será de aplicación o establecido no Real decreto 754/2005, do 24 de xuño, polo que se regula o réxime da taxa láctea.

Disposición derradeira primeira. Título competencial.

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a da Constitución española, que reserva ao Estado a competencia en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor.

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado.»

Dado en Madrid o 10 de xullo de 2015.

FELIPE R.

A ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente,
ISABEL GARCÍA TEJERINA